

Riotorto, 16 de maio de 2007

Estimados/as señores/as,

Suxeriríalles que dotasen a súa web de versión galega, xa que é unha mágoa que unha empresa radicada en Galiza non utilice a lingua propia desta terra en ningunha das súas páxinas. Coido que isto sería beneficioso, tanto se o seu mercado é só o español e europeo, como se tamén se estende por Latinoamérica xa que os galegos de todo o mundo (pois ben saberá vostede que alí onde vaia é raro non atope un paisano) agradecerán o xesto da súa empresa.

Aproveito para facerlle saber que nos gustaría que tamén deran a posibilidade de que tódalas notificación que este banco nos fai sexan en galego.

Así mesmo, teña presente nas súas consideracións que á hora de escoller hai xente que, coma nós, ten en conta, a maiores da inigualable calidade dos seus produtos, este tipo de detalles.

Quedando a súa disposición despídese de vostede, atentamente,

Pedro Castañal Fernández

Voceiro da Asociación **Arrincadeira**